



REAL ACADEMIA GALEGA DE
XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

A académica numeraria, primeira muller en tomar posesión na RAGXEL, pronunciou a primeira das conferencias do actual curso académico

O RETO DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL ESIXE UN EXERCICIO DE RESPONSABILIDADE QUE PROTEXA O HUMANISMO, ALERTA A CATEDRÁTICA MILAGROS OTERO PARGA

Na súa intervención disertou sobre o conflito entre as posibilidades técnicas reais e as consecuencias éticas de implementala ata as súas últimas consecuencias.

A Coruña, 27 de outubro de 2022.- A intelixencia artificial está a transformar o mundo. As máquinas impoñense, amagando con desbancar ao ser humano. As posibilidades técnicas infinitas expoñen múltiples problemas humanos, morais e xurídicos. Este é o marco da conferencia sobre Intelixencia Artificial impartida esta tarde na Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación pola catedrática de Filosofía do Dereito da USC, Milagros Otero Parga.

Otero Parga, primeira muller en tomar posesión como académica numeraria da RAGXEL no ano 2012, abordou a encrucillada actual que supón a implantación da Intelixencia Artificial en múltiples escenarios cos que ten que convivir o ser humano e o conflito que iso xera. Por unha banda están as posibilidades técnicas reais, que parecen infinitas. Por outro, as consecuencias éticas de implementalas ata as súas últimas consecuencias.

A conclusión da experta é clara: "a IA ten que ser un instrumento ao servizo do ser humano e só así debe ser utilizado, so pena de se converter nun recurso ingobernable. Urxe, pois, "un exercicio de responsabilidade que protexa o humanismo e os dereitos fundamentais porque o ser humano é, e debe seguir sendo, o centro da creación".



Con esta intervención de Milagros Otero Parga abriuse hoxe o ciclo de charlas do actual curso académico da RAGXEL, un acto presidido por José Luis Spiegelberg e organizado en colaboración do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, o Ilustre Colexio Oficial Provincial de Avogados da Coruña e ABANCA.

De izqda. a dcha: José Luis Seoane Spiegelberg y Milagros María Otero Parga

O próximo 7 de novembro será o tamén académico Luís Rodríguez Ennes o encargado de analizar, dentro do citado ciclo, "Algunhas peculiaridades do sistema histórico-constitucional de Inglaterra".